

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2023/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Constitución Corporación
Data	7 de XULLO de 2023
Duración	Desde as 12:00 ata 12:45 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI



Toma a palabra a Secretaria da Corporación, bos días a todos e a todas, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral vaise proceder á constitución da Corporación do Concello de Outes e á elección do seu Alcalde. Polo que, no Salón de Plenos do Concello de Outes, cando son as 12:00 horas do día 7 de xullo do 2023, dá comezo a sesión constitutiva desta Corporación, trala celebración das eleccións municipais o pasado día 28 de maio. Rogo a tódalas persoas asistentes que a partir deste momento se absteñan de facer intervencións.

En cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, procédese á formación da Mesa de Idade, integrada polos Concelleiros/as de maior e menor idade, nos roles de Presidente e vogal, respectivamente e sendo a Secretaria a Secretaria da Corporación. Dos datos obrantes nesta Secretaría de cada un dos Concelleiros e Concelleiras electos/as, a Mesa de Idade queda constituída da seguinte forma:

- D^a. María Beatriz Molinos Vidal (Presidenta da Mesa de Idade).
- D. Anxo Núñez Fernández (Vogal da Mesa de Idade).
- D^a. Minia Astray Barca (Secretaria da Corporación).

Rogo a D^a. María Beatriz Molinos Vidal (Presidenta da Mesa de Idade) así como a D. Anxo Núñez Fernández (Vogal da Mesa de Idade) achéguese para ocupar a Mesa de Idade.

Proceden tanto a Presidenta da Mesa de Idade así como o Vogal a ocupar a Mesa de Idade.

A continuación toma a palabra a Sra. Molinos como Presidenta da Mesa de Idade que indica que constituída a Mesa de Idade dá paso o procedemento regulado para a constitución do Concello de Outes. Declárase constituída a mesa de idade por D^a. María Beatriz Molinos Vidal (Presidenta), D. Anxo Núñez Fernández (Vogal) e D^a. Minia Astray Barca (Secretaria) e aberta a sesión constitutiva.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación que indica que trala remisión por parte Xunta Electoral de Zona a este Concello da documentación pertinente tralos resultados das eleccións locais, a Mesa de Idade vai a proceder a examinar a documentación e credenciais presentadas neste Concello.

Indica a Sra. Molinos que fai constar que a Mesa de Idade comprobada a



documentación atópase toda presentada correctamente por tódolos Concelleiros e Concelleira. Indica a Secretaria da Corporación que que todos/as os/as concelleiros/as electos/as presentaron ante Secretaría deste Concello a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, así como as preceptivas declaracións para a inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e do Rexistro de Actividades polo que poden tomar validamente posesión do cargo, previo xuramento ou promesa do cargo de Concelleiro/a. Polo tanto, comprobadas neste intre pola Mesa de Idade, consta que non concorre en ningún deles causa de incompatibilidade prevista pola normativa de réxime electoral e que todos eles teñen presentado na Secretaría do meu cargo as declaracións de bens e actividades esixidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

É preciso deixar constancia de que atópanse a disposición de tódolos concelleiros e concelleiras electos e electas, a efectos da súa comprobación, a documentación esixida polo artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, isto é, a acta de arqueo e a documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que a Corporación atópase constituída se asisten, ao menos, os membros que compoñan a maioría absoluta da mesma (7 concelleiros e concelleiras) no caso do Concello de Outes. Asistindo máis de 7 Concelleiros e Concelleiras declárase constituída a Corporación municipal. Da paso á toma de posesión das señoras e señores concelleiras e concelleiros mediante xuramento ou promesa de acatamento da Constitución Española. De conformidade co disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral “para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de Concelleiro/a, cumpridos os requisitos previos, os/as candidatos/as deben xurar ou prometer acatamento á Constitución”. Cumpridos os requisitos formais, debe formularse neste intre o acto de acatamento da Constitución legalmente esixido, ao que, unha vez sexan chamados, os concelleiros e concelleiras electos xurarán ou prometerán de conformidade coa lexislación vixente. Polo que, a continuación procederase ao chamamento dos Señores e Señoras Concelleiros/as electos/as por orde de candidatura de maior votada a menor e pola orde da lista electoral para que presten xuramento ou promesa.

Procede a Sra. Molinos a facer os pertinentes chamamentos:

- D. Francisco Calo Abelleira (PP): Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, con



lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D. Andrés Castro Abelleira (PP): Xuro e prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D. Domingo Antonio Troncoso Martelo (PP): Xuro e prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D^a. Ana Belén del Río González (PP): Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D. Carlos Leis Pedrosa (PP): Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D. Manuel González López (CO): Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D^a. Alba Quintela Vilariño (CO): Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D. Jose Manuel Ramos Caamaño (CO): Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D. Daniel Rodríguez Gándara (CO): Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

- D^a. María Soledad Agra Tuñas (BNG): Prometo pola miña conciencia e honra , cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Outes, e por imperativo legal gardar a lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Outes e do pobo galego.

- D. Jose Antonio Caamaño Lestón (PSOE): Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes,



con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación que indica que por último, os señores concelleiros/as membros/as da Mesa de Idade:

- D. Anxo Núñez Fernández (BNG): Prometo por imperativo legal, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Outes, e por imperativo legal gardar a lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Outes e do pobo galego.

- D^a. María Beatriz Molinos Vidal (PP): Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Outes, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que acreditada a personalidade, constatada a presentación das declaracións e prestado o xuramento ou promesa e sendo os que adquiriron esta condición alcanzaron a maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras electas a Mesa declara constituída a Corporación do Concello de Outes. E indica que pasarase á elección da Alcaldía. Por parte da Secretaria da Corporación vaise dar lectura ao artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral polo que se establece o procedemento para a elección do Alcalde.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación que indica que de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral; “Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección do Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos todos os Concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros/as é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente Municipio”.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que en virtude de dito precepto legal, unicamente poderán ser candidatos á Alcaldía os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas, polo que, son candidatos:



- D. Francisco Calo Abelleira (PP)
- D. Manuel González López (CO)
- D. Anxo Núñez Fernández (BNG)
- D. Jose Antonio Caamaño Lestón (PSOE)

En consecuencia, solicítase o asentimento ou negativa por orde de máis a menos votos populares:

- D. Francisco Calo Abelleira, mantén a súa candidatura? Responde o candidato que si que mantén a súa candidatura.

- D. Manuel González López mantén a súa candidatura? Responde que mantén a súa candidatura.

- D. Anxo Núñez Fernández mantén a súa candidatura? Responde que non mantén a súa candidatura.

- D. Jose Antonio Caamaño Lestón mantén a súa candidatura? Responde que non mantén a súa candidatura.

En vista do expresado quedan proclamadas as candidaturas dos candidatos de D. Francisco Calo Abelleira do (PP) e de D. Manuel González López (CO) partidos concorrentes ás eleccións municipais neste Concello.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación que indica que a continuación, procederase á VOTACIÓN para elección de Alcalde mediante votación de carácter ordinaria, é dicir, a man alzada. Co cal procederase a nomear os candidatos que se presentan por orde de candidatura de maior votada a menor e pola orde da lista electoral.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que procédese á votación por sistema ordinario:

- Votos a favor da candidatura de D. Francisco Calo Abelleira? 6 votos a favor.

- Votos a favor da candidatura de D. Manuel González López? 7 votos a favor.

En vista dos resultados da votación, tendo sida acadada a maioría absoluta por parte de D. Manuel González López, cabeza de lista do CO, queda proclamado Alcalde do Concello de Outes.

De conformidade co establecido no artigo 18 e no 40.2 do Real Decreto



Lexislativo 781/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, rógase ao D. Manuel González López se dirixa á mesa para prestar xuramento ou promesa.

Toma a palabra o Sr. González: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Outes, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

Procédese por parte da Sra. Molinos do bastón de mando a D. Manuel González López.

Toma a palabra o Sr. González: prezados membros da Corporación e veciños e veciñas, para min é unha honra ter sido investido alcalde do Concello de Outes por segunda vez pola Corporación que é a depositaria da vontade popular. Como xa manifestei fai catro anos en ocasión da miña primeira investidura, poucas honras máis grandes hai que ser investido alcalde do teu pobo. Como é ben sabido as circunstancias políticas son diferentes ás de fai catro anos, por primeira vez na nosa corta historia democrática temos un goberno de coalición e por iso quero agradecerlle aos concelleiros do BNG e do PSOE. Tócanos andar xuntos nun camiño longo e agardo que todos teñamos boa vontade para superalos pois iso terá repercusión no benestar nos nosos veciños e veciñas. Xustamente a todos os concelleiros e concelleiras e en primeiro termo aos que formarán o goberno para pedirlle lealdade, unidade e altura de miras ante os retos. Aos da oposición téndolle a man para alcanzar acordos polo ben de Outes sen por iso renunciar a unha fiscalización firme. E antes de enunciar os grandes eixos farei referencia ao panorama que nos tocou vivir. Vivimos nun tempo histórico no que existen ameazas serias para o progreso en certos campos que tamén son ameazas para as liberdades e democracia. Nun sitios e noutros hai actitudes intolerantes e este goberno non debe ser alleo a esta realidade. Debemos fomentar a tolerancia e defender os avances sociais e cívicos acadados nas últimas décadas na nosa sociedade. E outras das ameazas ten que ver coas crecentes desigualdades económicas sociais e económicas que precisan a intervención dos poderes públicos, tamén do noso Concello, para conseguir unha sociedade máis igualitaria e máis xusta. Non hai liberdade se non hai igualdade.

A folia de ruta da acción municipal aínda que debe ser enriquecida, traballaremos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego en Outes, reforzando para iso a Axencia de Desenvolvemento Local e incursando a dotación de chan industrial, apostando pola economía local e o comercio de proximidade, priorizando as compras públicas aos provedores locais, apostando por un turismo



de calidade e sostible, traballaremos para mellorar os servizos básicos. Melloraremos o mantemento das infraestruturas existentes e na liña de mellorar o acceso á vivenda e reforzar o atractivo de Outes nun lugar para vivir. Debemos reforzar os servizos de igualdade e benestar, servizos de atención aos maiores e dependentes e infancia e liderar a transparencia na acción do goberno. Son estes os principais eixos programáticos.

Debemos ter presente a necesidade de realizar políticas transformadoras e non só xestionar o cotiá, debemos abrir os ollos a outras realidades, debemos gobernar para todos e todas, pois debémosmos a todos e gobernar cos pés na terra.

Toma a palabra o Sr. Calo polo PP que indica que o pasado 28 de maio os veciños de Outes colocaron ao PP como claro gañador das eleccións municipais, 1.713 veciños, que nos outorgaron a súa confianza. Hoxe as matemáticas e máis o apaño permite que este mandato se inicie cos que perderon votos nas urnas respecto ao interior mandato. Isto é histórico, desde logo, xa que, este pleno acaba de nomear por primeira vez na historia democrática de Outes, porque acaba de nomear a un alcalde que perdeu as eleccións. Parabéns Sr. González polo seu nomeamento.

Fai catro anos nesta mesma sala o Sr. González decía que Outes pedira o cambio por nas urnas lle outorgaron 5 concelleiros os mesmos que o grupo PP de Outes pero 122 votos máis. A día de hoxe o cambio de opinión do Sr. González é notorio porque tendo en conta que o PP de Outes obtivo 2 concelleiros máis que a súa formación xa non fixo a mesma lectura. O PP sendo gañador das eleccións pasa a ser oposición tendo máis concelleiros que os demais grupos. Con esta situación non estaremos onde a vontade dos veciños nos puxo senón as matemáticas e os amaños, sendo consciente disto tódolos membros do noso grupo faremos unha oposición perseverante, responsable e construtiva e fiscalizadora e de control deste goberno de tripartito.

Queremos expresar o noso desexo de que neste período reine o respecto e a cordialidade entre todos os membros da corporación e a veciñanza porque sabemos que Outes non esta feito a vivir a política do conflito nin da crispación. Esperemos que esta nova situación cun goberno tripartito non propicie que isto cambie e isto será a súa responsabilidade. Que todos saiban que aquí estaremos co mesmo lema da nosa campaña electoral: de Outes e para Outes.

Toma a palabra o Sr. Núñez do BNG que indica que hoxe estamos ante un día



histórico feliz para a maioría dos veciños de Outes que deron máis de 1.900 votos ás forzas que compoñeremos o goberno de Outes os vindeiros catro anos. Estamos convencidos de que ningún veciño nos perdoaría se non cumpríramos coa vontade expresada nas urnas o 28 de maio. É por iso polo que asumimos as nosas responsabilidades e entramos no goberno de Outes asumindo os erros do pasado e o que se comentou e decidimos coas nosas posturas ao longo destes catro anos e xustamente entramos no goberno para mellorar aquelas cousas que non se fixeron ben e mellorar as cousas que si se fixeron ben.

Entendemos que hai que respectar as institucións democráticas e hai que respectar a vontade dos veciños é unha cuestión democrática e isto é falar con todos e como representantes políticos falar con tódolos partidos. Respectamos a vontade dos veciños e defendendo o noso proxecto de goberno que será unha fusión co resto pero que terá un mesmo obxectivo. Asumimos as nosas responsabilidades de goberno e asumímolo neste día histórico que por vez primeira neste concello de Outes tamén participará do goberno o BNG. Facémolo con esa responsabilidade e con esa ilusión para encargarnos da 1ª tenencia de alcaldía das áreas de cultura, festas, xuventude e mocidade, comunicación, turismo e patrimonio máis sempre participando en tódalas áreas coa man tendida con vontade de diálogo e sempre dende un ton construtivo buscando as mellores solucións para o Concello.

Traballaremos polo desenvolvemento económico do concello e pola creación de oportunidades, queremos que este concello vaia a máis. Traballaremos polo asentamento poboacional, dando oportunidades, para ter un concello con vida cun gran abanico cultural, para mellorar a mobilidade interna e externa, estaremos a pe de tódalas institucións que fagan faia, para dar servizos de calidade á cidadanía, á xente maior e a xuventude, dando servizos básicos como o saneamento. Traballaremos para mellorar a transparencia e facilitar a participación pública na vida política do Concello. Traballaremos e defenderemos con forza no noso sector marisqueiro, sabemos que o principal motor económico deste concello e da ría está baixo ameza e é responsabilidade do concello defender este sector.

Queremos continuar co bo e mellorar o resto das accións de goberno e, incluso, aumentalas, non podemos caer exclusivamente na xestión do día a día, un goberno ten que mirar máis alá pese as dificultades para a tender as demandas dos veciños. Queremos agradecer dende o BNG a confianza depositada no noso grupo para que hoxe comece un tempo novo no noso concello, un goberno de coalición, amplo, de progreso e realista en Outes. Comprometémonos a ser un



gobierno aberto, un goberno participativo, teremos sempre as portas abertas e escoitaremos sempre con atención todo o que nos teña que dicir a nosa veciñanza independentemente da súa cor política ou pensamento. Ademais quero facer especial mención de que temos a honra de contar cunha deputada provincial no noso concello que estou seguro que dará todo o seu traballo para traer as melloras necesarias ao noso concello. Quero agradecer por último o traballo intenso de toda a militancia e toda a asemblea local do BNG porque hoxe estamos aquí dous pero fóra están moitos compañeiros que traballaran para alcanzar todos os obxectivos. Para Outes e por Outes, sempre en Outes.

Toma a palabra do Sr. Caamaño do Partido Socialista que indica que claramente estamos nun exemplo claro de democracia, noutros tempos eran nos wue non se podía opinar nin chegar a maiorías. Parabéns Sr. González por ser a segunda vez que vai a iniciar mandato no concello de Outes, parabéns a aqueles concelleiros que iniciades unha nova andadura e tamén a aqueles que continuades na Corporación, sexa dende o goberno ou dende a oposición, de calquera maneira deberíades de sentirvos orgullosos de representar aos veciños e veciñas de Outes.

Dende o Partido Socialista de Outes queremos agradecer a todos aqueles que seguístedes confiando en nós para formar parte do noso Concello. Hai catro anos xa dixen que era para min un orgullo representar ao Partido Socialista e por enriba de todo representar aos veciños e veciños de Outes que confiástedes en nós para esta misión. Hoxe teño a mesma ilusión pero máis confianza que hai catro anos para poñerme ao servizo de todos e todas vos como xa fixen. Este catro anos que pasaron non cumpriron de todo coas nosas expectativas, apostabamos polo cambio de goberno que se producía no noso concello pero lamentábamnos que non houbo un acordo de forzas progresistas e de esquerdas. Hoxe apostamos por ese acordo e comezamos unha nova etapa na que nos intereses de cada un de nós non mudan, xa que, son mirar polo benestar dos nosos veciños e veciñas. Si vai mudar o xeito de facelo, todos xuntos. Espero, nesta ocasión, facelo o mellor posible e estar a altura do que este mandato esixa. Quero lembrar, certas persoas que dixeron que dende o ano 1936 vai ser a primeira vez que un concelleiro do Partido Socialista formará parte do goberno de Outes.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que remata o presente pleno e agradece aos concelleiros a súas vontade e agradecerlle aos veciños e veciñas aquí presentes e o seu comportamento cívico e a altura do noso concello.



Remata a sesión ás 12:45 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

